

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS NO PROCESO DE SELECCIÓN DE MESTRE DE XESTIÓN EMPRESARIAL PARA OBRADOIRO DE EMPREGO TERRAS DA MONTAÑA IV

**EXPEDIENTE:**2022/G003/000631

**Exp. Persoal:** 2022/E001/000018

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Concello de Curtis, (A Coruña),

### ANTECEDENTES

Vista a resolución de concesión de subvención recibida o pasado 01/08/22 nº RE 1842 por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na cal concédese a este Concello de Curtis, xunto co Concello de Sobrado e de Vilasantar unha subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado Terras da Montaña IV, o cal consistirá na realización de dúas especialidades: Actuacións Auxiliares en Viveiros Xardíns e Centros de Xardinería e Actuacións Auxiliares en Conservación e Mellora de Montes.

Vista a aprobación das bases reguladoras dos procesos selectivos do alumnado-traballador e persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro de emprego Terras da Montaña IV, mediante Decreto da Alcaldía núm. 564/2022 de data 19/08/22, publicadas na páxina web municipal, taboleiro de anuncios da sede electrónica e anuncio no Boletín Oficial Provincial (BOP nº 158 de data 22/08/22).

Vista a remisión das oportunas ofertas á oficina de emprego de Betanzos, de conformidade co establecido na base cuarta e a recepción dos perfís dos candidatos trala sondaxe realizada pola devandita oficina.

Visto o transcurso do prazo de presentación de instancias de 3 días hábiles, segundo o previsto na base quinta apartado cinco (do 29/08/22 ao 31/08/22).

E visto que unha vez analizada a documentación presentada polos aspirantes en tempo e forma, e posto que non existen defectos que emendar, de conformidade coa base quinta apartado seis, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as no proceso de selección dun mestre de xestión empresarial a media xornada para o Obradoiro de Emprego "Terras da Montaña IV", que figura coma anexo na presente resolución.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade á presente resolución a través de anuncio na páxina web dos Concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar, así coma no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

As datas de celebración das probas serán as establecidas previamente no Decreto da Alcaldía núm. 577/2022 de data 26/08/22, na cal se establece que as probas serán nas oficinas municipais sitas en Curtis (Praza Emilia Pardo Bazán s/n) o vindeiro luns 12/09/22 ás 12:00 horas.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, o Secretario accidental

Óscar López Figueroa

## ANEXO I

### Listaxe definitiva de admitidos e admitidas para mestre de xestión empresarial

DNI	NOME
***330***	Abelenda Pose, María Estefanía
***111***	Durán Ascariz, Belén
***274***	González Cid, Olalla
***368***	López Masachs, Juan Carlos
***906***	Moreno Montero, Francisco Javier
***280***	Rodríguez Sánchez, Javier
***791***	Romarís García, María Rosalía
***554***	Suárez Carnota, Miguel
***316***	Varela Quintela, Ruth